

Crer?

No diálogo entre persoas de diferentes culturas e orientacións relixiosas, un tema recorrente é a pregunta: «pódese ter sempre esperanza? E en que?».

É unha pregunta que resoa con maior intensidade nos momentos de dificultade ou ante a derrota ou o sufrimento máis atroz ou tamén ante as decepcións nun ideal ou nun conxunto de valores que nos fascinaban.

É precisamente neses momentos de dúbida cando nos sentimos empuxados a reconsiderar as nosas propias conviccións, valores e crenzas nas que puxemos a nosa esperanza e con elas, atopar a forza para afrontalas e facer xurdir a grandeza do ser humano, capaz de caer e volver levantarse, de experimentar a debilidade de forma consciente, sen inútiles expectativas milagrosas.

Crer é moito máis que esperar unha solución aos nosos problemas, é máis ben un impulso que che permite seguir camiñando. A vida, precisamente neses momentos, pode converterse misteriosamente nun auténtico agasallo.

Crer en algo que dá sentido á vida non é como aceptar un contrato que se asina unha vez e logo non se volve a mirar, senón que é un feito que transforma e impregna cada elección cotiá.

Unha pequena axuda para vivir así é non pensar en situacións extremas, que só poden asustarnos e bloquearnos, senón afrontar as pequenas dificultades de cada día, compartíndoas cos nosos amigos. Deste xeito, se non desfalecemos, descubriremos que cada día pode proporcionarnos unha nova oportunidade para crer e dar esperanza a quen está ao noso lado. É a forza da amizade que busca o ben do outro.

Cando todo vai ben, é máis fácil sentirse forte e valente. Pero cando experimentamos vulnerabilidades é cando podemos construír algo que non pasa e que permanecerá despois de nós. É a convicción que se adquire cando se compartiu a vida con alguén que creu máis aló de todo, que loitou e sufriu e que se fixo próximo a todos co seu amor. Estas persoas, despois de terminar a súa vida nesta terra, deixan unha pegada tal e o seu recordo permanece tan vivo que -misteriosamente- nos fai dicir, mesmo máis aló da nosa referencia relixiosa ou non relixiosa: «Creo, creo. Seguimos xuntos!».